

# MODALIDADES DE PRÁCTICA DEPORTIVA DOS PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO

Joaquín Dosil Díaz\*  
Universidade de Vigo

## INTRODUCCIÓN

A actividade física e o deporte teñen maiores probabilidades de ser practicados nunhas idades ca noutras. A idade escolar caracterízase pola práctica deportiva de case a totalidade dos suxeitos, pois existen materias obrigatorias nas que se realizan actividades deste tipo; na Universidade obsérvase un pequeno descenso, xa que carece do carácter obrigatorio (aínda que existe unha ampla e variada oferta que consegue recupera-lo interese pola actividade deportiva); na adultez a taxa decrece de forma significativa pois hai numerosas dificultades —como son formar unha familia, o traballo...— que limitan o tempo libre ou de ocio (Dosil, 2001). Estas circunstancias inherentes ó desenvolvemento humano, obrigan a unha diminución destas actividades físicas e deportivas co transcórrese dos anos.

Ademais, a idade dos profesores adoita oscilar entre os 22 e os 65 anos, o que os converte nunha poboación na

que a mingua da práctica é patente. Os resultados de estudos como o de García Ferrando (1997) ou Dosil (2001) corroboran o dito e destacan unha desmesurada diminución co paso dos anos.

Un dos aspectos que se ha de ter en conta ó estudar este tópico no colectivo de profesores é que se trata dun dos grupos profesionais con maior probabilidade de sufrir problemas tales como: sentimentos de desconcerto e insatisfacción, desenvolvemento de esquemas de inhibición para diminuí-la implicación no ensino, peticións de traslado, desexo de abandona-la docencia, absentismo laboral, cansazo físico permanente, ansiedade de expectación, *stress*, depreciación de si mesmo, ansiedade xeneralizada ou depresión (Esteve, 2001). A incidencia destes problemas será maior se se carece de recursos para previlos e evitalos. A situación escolar actual preséntanos un profesorado con moitas horas de docencia e poucas de tempo libre. Pese a todo, avanzaouse enormemente na

\* Profesor Visitante de Psicología do Desenvolvemento.

oferta de actividades físicas e deportivas, que poden ser de grande utilidade na prevención dos problemas anteriormente citados (a maior oferta, en principio, maior práctica).

As modalidades deportivas que se desenvolven nos centros públicos e privados constitúen unha boa oportunidade para que os profesores atopen na actividade física e o deporte unha vía de escape do seu labor cotián. O grao de práctica e as características das modalidades permitirán establecer un diagnóstico da situación actual. Está demostrado que un exercicio regular e controlado ten excelentes efectos na saúde física e mental da persoa (Dosil, 2001).



*Sportmens Club*, bronce de Eusebi Arnau, 1904.

## MÉTODO - OBXECTIVO

O obxectivo principal deste traballo é coñecer o grao de práctica de diferentes modalidades deportivas no profesorado da ESO, por idade, sexo e lugar de residencia.

## DESCRIPCIÓN DA MOSTRA

A mostra está formada por 179 profesores de Educación Secundaria, de idades comprendidas entre os 24 e os 67 anos (media= 41,16; desviación típica= 10,12), da Comunidade Autónoma de Galicia, dos cales 92 son homes e 87 mulleres, que teñen o seu lugar de residencia, maioritariamente, en zona urbana, tal como se recolle na Táboa 1.

N	SEXO	LUGAR RESIDENCIA
179	Homes = 92	Rural = 36
	Mulleres = 87	Urbano = 143

TÁBOA 1: Distribución da mostra por sexo e lugar de residencia.

Dada a diferenza de idades, optouse por dividi-la mostra en dous grupos: profesores mozos e profesores maiores, seguindo o criterio establecido na investigación na que se contextualiza este traballo (Dosil, 2001) (ver Táboa 2).

	N	MEDIA	DESV. TÍPICA
GRUPO 1 (24 a 40 anos)	93	33,14	4,9
GRUPO 2 (41 a 67 anos)	86	49,84	6,4

TÁBOA 2: Idade dos grupos da mostra.

	SEXO		LUGAR RESIDENCIA	
	HOMES	MULLERES	RURAL	URBANO
GRUPO 1 (24-40 anos)	38	55	20	73
GRUPO 2 (41-67 anos)	54	32	16	70
TOTAL	92	87	36	143

TÁBOA 3: Distribución por sexos e lugar de residencia.

A continuación (Táboa 3) móstrase o número de homes e de mulleres, así como a distribución polo lugar de residencia (rural ou urbano) dos suxeitos da mostra, en función dos grupos de idade estudados.

Hai que destacar que se entende por residencia urbana a que corresponda a algunha das sete grandes cidades de Galicia: A Coruña, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense. Os restantes emplacements, vilas ou aldeas, son considerados residencia en zona rural.

#### INSTRUMENTO

Utilizouse un *Cuestionario de Actitudes, Motivacións e Práctica cara á Actividade Física e o Deporte* (Dosil, 2001), do que se extraeron para este traballo os ítems correspondentes á práctica de modalidades deportivas. Permíteselles ós suxeitos que elixan máis dunha actividade física ou deporte, se é o caso.

#### PROCEDEMENTO

Para a aplicación do cuestionario acudimos a varios centros da Comunidade Autónoma galega: Instituto Virxe do Mar (Noia), Instituto Xelmírez (Santiago), Colexio Peleteiro (Santiago), Colexio La Salle (Santiago), Colexio da María Inmaculada (Silleda), Colexio Liceo La Paz (A Coruña) e Instituto Crucero Baleares (A Coruña). Tres destes centros son públicos, dous privados e dous concertados. En ningún houbo problemas ó cubri-lo cuestionario.

#### RESULTADOS

Dos profesores da mostra (179) afirman que practican algún deporte ou actividade física 133, e non facelo 46. É importante sinalar que o criterio que se seguiu para face-la distinción entre practicantes e non practicantes foi moi xeneroso cos primeiros, posto que se considera como suxeito pertencente a este grupo aquel que realiza calquera tipo de actividade física ou deportiva,

polo menos, unha hora á semana (hai 60 suxeitos que afirman que só practican 1 ou 2 horas semanais).

Os resultados mostran (Táboa 4) que a actividade física máis realizada pola poboación obxecto de estudio (a que di practicar) é camiñar, cun 54,1%. A esta actividade física séguena outras que se ordenan segundo a porcentaxe de practicantes: natación (36,8%), sendeirismo (29,8%), ciclismo (24,1%), correr —fóoting— (21,1%), fútbol (17,3%), ximnasia (15%), fútbol sala (15%), tenis (11,3%), baile (10,5%), voleibol (9,6%), aeróbic (6,8%), baloncesto (6,8%), atletismo (4,6%), pesca/caza (3,8%), vela (1,5%) e outros (11,3%), que inclúe: artes marciais, rugby, piragüismo, remo, hípica, musculación —culturismo—, patinaxe...

1.	Camiñar (54,1%)
2.	Natación (36,8%)
3.	Sendeirismo (29,8%)
4.	Ciclismo (24,1%)
5.	Correr —fóoting— (21,1%)
6.	Fútbol (17,3%)
7.	Ximnasia (15%)
8.	Fútbol sala (15%)
9.	Tenis (11,3%)
10.	Baile (10,5%)

TÁBOA 4: As 10 AF/D máis practicadas polos profesores.

Esta información de carácter xeral permítenos unha aproximación ás modalidades deportivas máis practicadas polos profesores de Educación

Secundaria. Pese a todo, é necesario realizar unha análise pormenorizada, tendo como referente a idade, o sexo e o lugar de residencia.

#### 1. PRÁCTICA NAS DIFERENTES MODALIDADES EN FUNCIÓN DA VARIABLE IDADE

	TOTAL (N= 133)	GRUPO 1 (24-40)	GRUPO 2 (41-67)
FÚTBOL	17,3	20,8	13,1
BALONCESTO	6,8	8,3	4,9
TENIS	11,3	12,5	9,8
AERÓBIC	6,8	11,1	1,6
PESCA/CAZA	3,8	-	8,2
FÚTBOL SALA	15	18,1	11,5
BOLOS/ PETANCA	-	-	-
BAILE	10,5	18,1	1,6
XIMNASIA	15	19,4	9,8
CORRER/ FÓOTING	21,1	22,2	19,7
CAMIÑAR	54,1	47,2	62,7
SENDEIRISMO	29,8	30	29,5
ATLETISMO	4,6	1,4	8,2
CICLISMO	24,1	25	23
NATACIÓN	36,8	41,7	31,1
VOLEIBOL	1,5	2,8	-
HÓCKEY	-	-	-
VELA	1,5	2,8	-

TÁBOA 5: Modalidades deportivas que practican os profesores.




Cartel de bicicletas GAC de Dominique (ca. 1940).


Se analizámo-los resultados obtidos nos dous grupos de idade (Táboa 5) observamos que hai deportes que alcanzan maiores porcentaxes no grupo de profesores novos (fútbol, baloncesto, aeróbic, fútbol sala, baile, ximnasia, natación, voleibol, vela e outros) mentres que nos docentes maiores o fan outros como pescar ou cazar, camiñar e o atletismo. É destacable, así mesmo, que actividades físicas ou deportivas como os bolos /petanca e o hóckey non son practicadas por ningún suxeito da mostra.

Nas gráficas 1-A e 1-B, nas que se recollen as puntuacións destas modalidades, visualízanse claramente as tendencias de ambos grupos: na primeira obsérvase que existen activida-

des físicas ou deportivas máis practica- das e máis representativas do grupo de profesores mozos, de entre 24 e 40 anos; na segunda preséntanse as que non se distinguen en demasía pola idade ou que tenden a ascender —na súa práctica— coa idade.



GRÁFICA 1-A: Modalidades deportivas practicadas nos grupos de idade.



GRÁFICA 1-B: Modalidades deportivas practicadas nos grupos de idade.

Sorprende nesta gráfica cómo o atletismo, tal vez considerado deporte para mozos, alcanza maiores porcentaxes no grupo de profesores maiores.

	TOTAL (N= 133)		GRUPO 1 (24-40)		GRUPO 2 (41-67)	
	H	M	H	M	H	M
FÚTBOL	31,1	-	46,9	-	19	-
BALONCESTO	12,2	-	18,8	-	7,1	-
TENIS	18,9	1,7	28,1	-	11,9	5,3
AERÓBIC	-	15,3	-	20	-	5,3
PESCA/CAZA	6,8	-	-	-	11,9	-
FÚTBOL SALA	27	-	40,6	-	16,7	-
BOLOS/PETANCA	-	-	-	-	-	-
BAILE	2,7	20,3	3,1	30	2,4	-
XIMNASIA	4,1	28,8	3,1	32,5	4,8	21,1
CORRER (FÓOTING)	25,7	15,3	25	20	26,2	5,3
CAMIÑAR	44,6	66,1	34,4	57,5	52,4	84,2
SENDEIRISMO	23,6	37,3	16,7	40	28,6	31,6
ATLETISMO	8,3	-	3,3	-	11,9	-
CICLISMO	37,8	6,8	43,8	10	33,3	-
NATACIÓN	27	49,2	28,1	52,5	26,2	42,1
VOLEIBOL	1,4	1,7	3,1	2,5	-	-
HÓCKEY	-	-	-	-	-	-
VELA	1,4	1,7	3,1	2,5	-	-
OUTROS	9,5	13,6	9,4	20	9,5	-

TÁBOA 6: Práctica nas distintas modalidades en función do sexo.

## 2. PRÁCTICA NAS DIFERENTES MODALIDADES EN FUNCIÓN DA VARIABLE SEXO

O primeiro que chama a atención ó contempla-la Táboa 6 é a existencia de actividades físicas ou deportivas que soamente practican os homes (fútbol, baloncesto, pesca/caza, fútbol sala e atletismo) e dun deporte (aeróbic) que só practican as mulleres.

Outro aspecto salientable é que aínda que algunhas destas actividades son practicadas por homes e mulleres mostran unha porcentaxe destacable nun dos dous colectivos. É o caso do tenis, do fóoting e do ciclismo nos homes; e do baile, a ximnasia, o sendeirismo, a natación e o camiñar nas mulleres.

Estas diferencias permiten afirmar que hai uns estereotipos sexuais

moi marcados na práctica de certos deportes.

O estudo da variable sexo nos dous grupos de idade permite clarificar que algún dos estereotipos sexuais están máis marcados a unhas idades que a outras. Desta maneira, observamos que actividades físicas ou deportivas que se consideran claramente

masculinas (correr-fóoting) no G1 a penas mostran diferencias, e outras que son consideradas femininas (sendeirismo) están na mesma situación no G2.

### 3. PRÁCTICA NAS DIFERENTES MODALIDADES EN FUNCIÓN DA VARIABLE LUGAR DE RESIDENCIA

	TOTAL (N= 133)		GRUPO 1 (24-40)		GRUPO 2 (41-67)	
	R	U	R	U	R	U
FÚTBOL	17,2	17,3	31,3	17,9	-	16,7
BALONCESTO	3,4	7,7	6,3	8,9	-	6,3
TENIS	17,2	9,6	25	8,9	7,7	10,4
AERÓBIC	3,4	7,7	6,3	12,5	-	2,1
PESCA/CAZA	6,9	2,9	-	-	15,4	6,3
FÚTBOL SALA	10,3	16,3	12,5	19,6	7,7	12,5
BOLOS/PETANCA	-	-	-	-	-	-
BAILE	3,4	12,5	6,3	21,4	-	2,1
XIMNASIA	10,3	16,3	12,5	21,4	7,7	10,4
CORRER (FÓOTING)	24,1	20,2	25	21,4	23,1	18,8
CAMIÑAR	65,5	51	62,5	42,9	69,2	60,4
SENDEIRISMO	31	29,4	31,3	29,6	30,8	29,2
ATLETISMO	10,3	2,9	6,3	-	15,4	6,3
CICLISMO	37,9	20,2	50	17,9	23,1	22,9
NATACIÓN	37,9	36,5	37,5	42,9	38,5	29,2
VOLEIBOL	-	1,9	-	3,6	-	-
HÓCKEY	-	-	-	-	-	-
VELA	6,9	-	12,5	-	-	-
OUTROS	3,4	13,5	6,3	17,9	-	8,3

TÁBOA 7: Modalidades practicadas en función do lugar de residencia.

A primeira análise que se pode facer ó observa-los resultados das dúas primeiras columnas da Táboa 7 (correspondentes á mostra total de profesores practicantes) é a da existencia dalgunhas actividades físicas ou deportivas que se dan con maior frecuencia segundo o lugar de residencia sexa rural o urbano. Así, identifícanse actividades que teñen unha maior presenza entre os suxeitos que viven no rural: tenis, camiñar, atletismo, ciclismo, vela...; e outras, con maior participación entre os que residen en zonas urbanas: baloncesto, aeróbic, fútbol sala, baile, ximnasia...

Estes resultados vense enriquecidos se se contrastan coa idade dos participantes. Así, obsérvase como dependendo da idade existen actividades que se practican con maior ou menor frecuencia nun determinado ambiente:

— Fútbol e tenis: no grupo de profesores mozos (G1) teñen maior presenza en ambiente rural e no de profesores maiores (G2) no urbano.

— Baloncesto, aeróbic e baile: no G2 só os practican suxeitos que viven no medio urbano.

— Atletismo: no G1 só o practican os que residen en zonas rurais.

— Natación: no G1 obsérvase unha porcentaxe superior de practicantes no urbano, mentres que no G2 as máis altas corresponden ós suxeitos que viven no rural.

## CONCLUSIÓN

---


Os resultados deste traballo confirman que a modalidade ou tipo de práctica constitúe un condicionante do comezo e do mantemento desta. Hai actividades que se inician nos primeiros anos de vida e se manteñen *in crescendo* durante bastante tempo. Sirvan de exemplo o fútbol, a natación, o atletismo ou o baloncesto. Sen embargo, existen outras modalidades deportivas que se inician, polo regular, en idades avanzadas, como aeróbic e sendeirismo. Ó mesmo tempo, a duración da súa práctica presenta unha gran variabilidade, algunhas teñen unha vida moi curta, mentres que outras, como o camiñar, teñen unha vida longa e, en gran cantidade de casos, é a actividade principal de moitos docentes que non practican ou non poden practicar outra.

Estes resultados coinciden cos de García Ferrando (1997), que utiliza un instrumento de recollida de datos similar ó noso. A pesar disto, debe quedar clara a tendencia xeral ó descenso cuantitativo deste tipo de actividades no transcorrer da vida.

O que se dixo, tendo como referencia a idade, non se presenta coa mesma claridade en variables como o lugar de residencia, onde os cruces de tendencias segundo as modalidades se fai patente.

En canto á práctica en función do xénero, os nosos resultados presentan un paralelismo coas investigacións de





Fútbol. *Manuales Soler*, de J. Espinós (ca. 1900). O cartel español máis antigo sobre fútbol.

Sherman (1981), quen indica que a participación da muller en actividades físicas e deportivas é o reflexo da situación desta nas sociedades contemporáneas.

Respecto ás modalidades, podemos observar tres grupos en canto á variable sexo: modalidades con puntuacións máis altas no grupo de varóns ca no de mulleres; modalidades cunha puntuación máis alta no grupo de mulleres ca no de varóns, e modalidades con puntuacións similares en ambos grupos. Entre as modalidades que se encontran no primeiro dos grupos están: o fútbol, baloncesto, tenis, caza e pesca, fútbol sala, correr-fóoting,

atletismo, ciclismo e vela. As modalidades con puntuacións máis altas en mulleres ca en homes son: aeróbic, baile, ximnasia, camiñar e natación. E as modalidades similares en ambos grupos, con pouco peso en ambos: sendeirismo e voleibol.

Se comparamos estes resultados con datos presentados por Mosquera e Puig (1998) e con outros anteriores, ofrecidos por Gili e Ferrer (1994), que estudian a práctica dos deportes segundo o sexo, obsérvase unha gran similitude e, aínda cando as modalidades estudias por eles non recollen tódalas que se tiveron en conta nesta investigación, as que son comúns a ambas presentan unha gran coincidencia. Resultados similares encontran Weinberg e Gould (1995) ó analiza-la desigualdade de oportunidades entre os homes e as mulleres na práctica deportiva.

En conclusión, pódese afirmar que as modalidades deportivas que elixen os profesores e o grao de práctica son bastante elevados. Por outro lado, ó compara-los resultados cunha mostra de idade similar da poboación xeral (García Ferrando, 1997; Dosil, 2001) atópanse resultados moi afíns.

## BIBLIOGRAFÍA

Dosil, J. (2001): *Actividad física y deporte a lo largo del ciclo vital: actitudes, motivaciones y práctica*, Tese Doutoral non publicada,

Universidade de Santiago de Compostela.

Esteve, J. M. (2001): "O stress dos profesores: influxo do traballo profesional na personalidade do educador", *Revista Galega do Ensino*, 31, 99-124.

García Ferrando, M. (1997): *Los españoles y el deporte (1980-1995): un estudio sociológico sobre comportamientos, actitudes y valores*, Madrid/Valencia, Consejo Superior de Deporte/Tirant lo blanch.

Gili-Planas, M., e U. A. Ferrer-Pérez (1994): "Práctica deportiva y estereotipos de género: un estudio en la comunidad autónoma de las

Islas Baleares (CAIB)", *Revista de Psicología del Deporte*, 5, 81-88.

Mosquera, M. J., e N. Puig (1998): "Género y edad en el deporte", en M. García Ferrando, N. Puig e F. Lagardera (comps.), *Sociología del deporte*, Madrid, Alianza Editorial, 99-126.

Sherman, A. (1981): "La situación de la mujer en el deporte: connotaciones sociales", *IX Congreso de IAPESGW*, Buenos Aires, 43-61.

Weinberg, R. S., e D. Gould (1995): *Fundamentos de psicología del deporte y el ejercicio físico*, Barcelona, Ariel.



Joaquín DOSIL DÍAZ, "Modalidades de práctica deportiva dos profesores de Ensino Secundario", *Revista Galega do Ensino*, núm. 37, novembro, 2002, pp. 137-147.

**Resumo:** Este artigo describe as modalidades deportivas e o seu grao de práctica no profesorado de Ensino Secundario Obrigatorio. Mediante o *Cuestionario de Actitudes, Motivacións e Práctica* estudiáronse as variables de idade, sexo e lugar de residencia nunha mostra de 179 profesores, de idades comprendidas entre os 24 e os 67 anos. Os resultados amosan un grao de práctica e unhas modalidades deportivas similares ás que escolle a poboación xeral.

**Palabras chave:** Modalidades deportivas. Práctica deportiva. Profesores de Ensino Secundario.

**Resumen:** Este artículo describe las modalidades deportivas y su grado de práctica en el profesorado de Educación Secundaria Obligatoria. Mediante el *Cuestionario de Actitudes, Motivaciones y Práctica* se han estudiado las variables edad, sexo y lugar de residencia en una muestra de 179 profesores, de edades comprendidas entre los 24 y los 67 años. Los resultados indican un grado de práctica y unas modalidades deportivas similares a las que escoge la población general.

**Palabras clave:** Modalidades deportivas. Práctica deportiva. Profesores de Educación Secundaria.

*Summary:* This article describes the sports chosen by teachers of Compulsory Secondary Education and how much they are practised. The *Cuestionario de Actitudes, Motivaciones y Práctica* has been the means of analysis of the variables of age, sex and residence in a sample of 179 teachers between the ages of 24 and 67. The results show a degree of practice and a choice of sports similar to those chosen by the general population.

*Key-words:* Sports. Sports practice. Secondary Education teachers.

— Data de recepción da versión definitiva deste artigo: 25-04-2002.

